

A MIMOSA



Nº-6 Agosto de 2006 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

XA VAN TRES

A MIMOSA



Nº-1 Agosto de 2004 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

XA ESTAMOS AIQUÍ



Foto.- Imaxen do noso pobo. Casdenodres

Hola a todos

Se hoxe estades lendo estas liñas e que producíuse un milagro, e as ilusións duns tolos poideron mais ca falta de presuposto, a distancia e todos os problemas e complicacións.

A trancas e barrancas le mos feito realidade un soño. O noso de acortalas distancias que separanos e construír entre todos outro lazo --esta vez de papel- que nos una máis forte aínda a Casdenodres.

Oxalá cando, lonxe daquí recibamos os seguintes números da revista (porque prometemos reincidir) nos enchen as caras de sorrisos e pechando os ollos sintámonos de repente no medio do pobo.

Gracias a todos os que, dunha u outra maneira, habéis feito posible este invento.
Gracias por no perder a ilusión, todos sabemos que non foi sinelo.

Gracias sobre todo a ti, José.

Gracias por querer tanto o teu pobo e a súa xente,

Gracias por apuntarte ata a un bombardeo se tiña que ver con Casdenodres.

Se isto é posible, e gracias a ti.

É por iso esta revista e tua, o mesmo cas camisetas e a asociación e todo o demais.

Porque ti llañamos a todos e a nada vai ser igual sin ti.

O día sete fai un campionato de chistes co señor Pedro e, por favor, amádanos a tirar do carro.

Foto.- Imaxen da portada do primeiro número da Mimosa.

Fai tres anos xa que comezamos este proxecto e fáisenos cada vez máis costa arriba sacala revista, cando comezabamos a andadura da Mimosa pensabamos que teríamos complicado elixir os artigos que ían saír en cada número pero non foi así e costounos deus e axuda sacalos todos, aínda que temos que agradecerlle a moita xente as colaboracións. Debido a falta de artigos, xa este ano só sacamos dous números en vez de tres e de momento cremos que deberá ser así.

De outra parte queremos sinalar que este ano canalizouse o rigueiro de Casdenodres e víronse cumpridos os desexos dos cidadáns do pobo que nolo reclamaron dende o primeiro día de facerse a asociación, neste número tendes un artigo que trata o tema máis en profundidade.

O XANTAR EN COREA

Que carallo se come alí ?

Hola a todos. Resulta que me preguntaron tantas veces iso neste verán, que non me quedaba outro remedio que facer unha contestación oficial o toda esa xente que se preocupa pola miña saúde ou polo meu consumo de chourizos por estas terras...

Un pouquino de xeografía para empezar :

Por onde queda isto ?

Pois é Corea do sur, está a uns 10 000 kilómetros da nosa terra, alá, cara o este: 7 horas de diferenza no verán e 8 no inverno. É dicir que cando son a 10 da mañá en Casdenodres son as 6 da tarde aquí.

Eu vivo en Daegu, unha cidade de 3 millóns de persoas, é a terceira cidade máis poboada de Corea do Sur despois de Seul (capital) e Busan. É unha cidade moi industrial, en 10 anos a metade da cidade cambiou de campos de arroz a complexos inmobiliarios ou industriais...

Despois desta pequena introducción, falemos do que máis vos interesa e contestemos á pregunta que vos queimaba nos labios : A comida principal é o perro ou é o gato ?

Non é, non, nada diso...É verdade que uns 25 anos atrás, comíase can porque era barato, é que a pobre xente morría de fame.

Hoxe en día, pódense atopar restaurantes que sirven ese tipo de platos. Pero cada vez menos e completamente fóra de precio.

O gato, que eu sepa, nunca se comeu nesta terras. Isto non é China...

A carne principal é a de porco, despois ven o polo (sen gripe...) e a carne de vaca, excesivamente cara aquí (uns 7 euros para 100 gramos de filete).

Cómense moitas sopas (máis ou menos picantes), moita verdura (incluíndo follas de todo tipo...) e unha multitude de raíces : rasgos de o que comía a xente para non morrer de fame en tempos non tan lonxanos. Como no Xapón, comen moito peixe crudo, pero non os días de chuvia, dicen que non é bon...aínda non sei porque !

Unha comida coreana componse dun plato principal, que é o que se pide, e ó redor diso, tráenvos unha multitude de 'tapas' (verduras, sopas, raíces...) que dependen do día, da estación, do prezo das materias primas... e que son 'a vontade', cando acaba a tapa, traen outra... ¡a xente nunca abusa! Tamén tráenvos, por suposto, a vosa taciña de arroz branco.


O plato principal é para ti só, pero as tapas, compártense cos demais. 3 ou 4 persoas (dos que van con vos, non descoñecidos!) pichan nas mesmas tapas, e comen na mesma sopa...É unha costume que se colle moi rápido.

Como imaxinades, aquí non se usa o tenedor nin o coitelo...e tampouco o plato ! Eiqui úsanse os palillos pos alimentos, a cucharilla po arroz (os coreanos chaman tontos os xaponeses porque comen o arroz cos palillos...) e en vez de plato, pois tazas de barro, de pedra e platos pequenos.

A comida é moi sana (si non fose o nivel alucinante de pimento de algúns platos), moi pouca grasa nos alimentos, cómese pouca carne en comparación ca verdura e o arroz.

A comida é barata, cómese comida coreana por 5 o 6 euros tranquilamente. Se se vai os restaurantes estranxeiros (é necesario de vez en cuando...) é moito máis caro, contade 35 o 40 euros por persoa.

Aquí os poño un exemplo do que como eu cada medio día :



- 1 : Tofu : peixe reconstituído con salsa...picante
- 2 : Kimchi : Coliflor moi picante
- 3: Verduras...
- 4: Sopa
- 5: Peixe reconstituído (outro tipo)
- 6: Ensalada de pastas son maionesa (si si, igual ca nosa !)
- 7: Pode ser : pulpo rebozado, pimentos rebozados (cuidado...pican!..)
- 8: Pez frito...sen aceite

Que aproveite...(¡Eu comín todo!)

Bertin, do taller de Casdenodres.




FONTANERÍA Y CALEFACCIÓN
Hnos. SEOANE
 Teléfono: 988 35 02 08
 Particular: 988 29 43 38
 Móvil: 689 54 82 68
 32368 SANTA CRISTINA - A VEIGA (Ourense)

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de onte



Foto.- Aquí temos fai uns poucos de anos estas xentes do pobo.



FOTOS DE ONTE E HOXE

As de hoxe



Foto.- Aquí temos á xente nova de Casdenodres nunha cea das que facemos cada pouco.



CONTOS E LENDAS

XOGO DO BURRO

É o noso ánimo ir recuperando pouco a pouco tradicións e costumes dos nosos ancestros e hoxe recuperamos o xogo do burro moi practicado no noso pobo nos famosos **fiadeiros** que se celebraban nalgunhas casas nas larguísimas e crudas noites de inverno.

Utilízase a baraxa completa menos un cabalo, de aquí en adiante burro.

Repártense as trinta e nove cartas entre os xogadores e cada xogador despréndese das parexas que teña na man, ases, douses, treses...etc. E quédase co resto das cartas. A continuación o que menos cartas teña na man colle unha carta ó xogador da súa esquerda e se ca carta collida consegue facer unha parella despréndese dela. O seguinte xogador colle outra das súas e se consegue facer unha parella despréndese dela e así sucesivamente ata que non teñan cartas. Un dos xogadores non poderá quedarse sen cartas pois quedaralle o cabalo (o burro) pois como soamente hai tres na baraxa un queda sempre na man dun xogador e ese é o que perde e quédase o BURRO. E agora comeza o bon.

Ese cabalo métese co resto das cartas, baráxanse, córtanse e pregúntaselle por onde o quere, se por riba ou por debaixo e por onde decida comezan a sacarlle as cartas dunha nunha ata que salia o cabalo e segundo a carta que salia suceden cousas... desagradables para o perdedor e que explico a continuación.

Se sale un **as** dícese REPELUS e un dos xogadores gañadores tíralle ó perdedor (o burro) dos pelos das patillas mancándolle algo.

Se sale un **dous** dícese SACOCHE OS OLLOS e con dous dedos faille o ademán de sacarllos pero neste caso queda na ameaza.

Se sale un **tres** dícese TRES MELUCAS TRES e danlle na cabeza cos nudillos dos dedos volvendo a facerlle algo de dano.

Se sale un **cuatro** dícese CATRO PA TABACO e neste caso os golpes son catro.

Se sale un **cinco** dícese QUINQUINIFRATES e clávanlle na cabeza as uñas dos cinco dedos e o dano que fai...

Se sale un **seis** ou un **sete** non pasa nada.

Se sale unha **sota** dícese MUSIÑA DAMA e acaríciase a cara con suavidade.

Se sale un **rei** dícese MUSIÑA REI e tamén se lle acaricia a cara.

Se sale un **cabalo** dícese TOTANO e dásele con forza un golpe na cabeza.

O calvario do perdedor remata cando sae o cabalo (o burro) que lle quedara na man. Se ten sorte e sáelle pronto líbrase de moitos golpes.

Contan que en moitas ocasións as cousas non remataban nada ben, pois sempre había alguén que se pasaba un pouco á hora de tirar das patillas, e sobre todo no totano, e din que máis dun remataba chorando e, claro está, esperaba a oportunidade para collerlle a revancha e darlle máis forte a quen lle dera, e se non era o mesmo día era ou á noite seguinte ou pa outra e así as gastaban os nosos predecesores, pero pasábano ben e disfrutaban xogando O BURRO.

Ainda o noso veciño Silverio pódemos contar moitas historias desas noites na casa do señor Mancebo e noutras casas.

Entre xogo e xogo e ó calor do lume bebíanse unhas xarras de viño, contábanse algunhas historias de medo normalmente e esa era unha das maneiras de pasar aquelas interminables noites daqueles crudísimos invernos.

– Fernando-

O QUE FIXEMOS

O RIGUEIRO

O noso pobo está de noraboa, fíxose realidade un vello sono dos nosos maiores, o de non ter que ir a **facer o rigueiro** nestas datas, feito que cada ano era máis difícil, pois cada vez eran menos os que podían ir, e ademáis tamén cada ano era máis difícil tapalas **gorbias** e así evítala perda da pouca auga que levaba.

Ainda facéndoo na época estival case non se enchían as pozas da Cruz para poder regar.

A primeira hora do día o domingo, o pedámeo tocaba a concello e os veciños que podían armábanse de sachos, forquetas, pedonas, fouzos... e na Cruz comezaban a arreglalas pozas, e rigueiro arriba achegábanse ata A Ribocia que é onde se desvía para o pobo a auga que baixa de Chordarca . Alí era o punto máis conflitivo pois as gorbias eran cada ano máis difíciles de tapar.

Este vrao poderemos aproveitar moito mellor a auga para regar, e esperemos dure moitos anos. Nesta foto pódese apreciar algún tramo do percorrido.



-Fernando-

Queremos recordarvos que este ano tamén faremos a assemblea xeral da asociación como a do ano pasado. Farémola o mesmo día, 13 de Agosto as seis da tarde na primeira convocatoria e as seis e media da tarde na segunda. Tratando temas como o de que donde se van destinar os beneficios da lotería..., se se vai volver a coller po ano próximo, e tamén os que se vos ocorran. Pedirvos a máxima asistencia que o ano pasado éramos catro.

VOCABLOS

- | | |
|----------------|---|
| 1.- Minchos | a.- Vexetais que medran en augas limpas e cos que se fan ensaladas. |
| 2.- Bosta | b.- Papamoscas, atontado, aparvado, persoa sen resolución. |
| 3.- Muruxas | c.- Axitar, acanear. |
| 4.- Larafuzas | d.- Dicese dun rock nacido pola zona e con denominación de orixe Casdenodres. |
| 5.- Alpavarda | e.- A parte máis tenra do grelo. |
| 6.- Amallos | f.- Facer sinais ou xestos para darnos a ver ou entender. |
| 7.- Avanexar | g.- Detritus, do gando bovino. |
| 8.- Acenar | h.- Persoa desaliñada, coa cara sucia. |
| 9.- Peinavalla | i.- Cordon de coiro para atar zapatos e sacos. |



CHIRICAHUA
VIANA



EDITORIAL

Chegan os puntos... os de sutura non! Os do carné de conducir. E está ben, pero quen lle vai quitar os puntos ós gardas de tráfico cando se equivoquen ou nos poñan unha multa pola cara?, ninguén claro, aí estaremos indefensos como sempre.

Cando fai falta xustiza non a atopamos porque non estamos do lado dela, somos os coitadiños que nunca protestan e se o fan fano tan baixiño que non se nos oe, que lle imos a facer!.. Quítenlle os puntos a esas persoas que maltratan a persoas, animais, ou plantas, eses habería que quitarlles todos. Vale xa de queimar bosques, zoupar a diestro e siniestro e vale xa de guerras sen sentido, CORDURA!!! por favor, basta xa.

Jai.



HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS
TELEFONO: 988350168

IN MEMORIAM

Lamentala perda das seguintes persoas do pobo: María Anta Gonzalez, Emilio Vega Perez, Fernando Fernández Fernández, Manuel Prieto Carracedo
Recordadeos a nosa dirección de correo para mandar as colaboracións: casdenodrescap@terra.es
Solución dos vocablos: 1-e, 2-g, 3-a, 4-h, 5-b, 6-i, 7-c, 8-f, 9-d. Faciliño como sempre.